

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 03/07/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES
SONIA OUTÓN CASAL
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
CARLOS COIRA LOJO
DIEGO GARCIA SANTIAGO
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 03/07/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 27-jun-2023, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

MARIA BERMUDEZ OUTON

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/2183

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Dolores Oriola Trapote, solicitando a colocación dos colectores que ten situados diante do local comercial na Rúa Arcebispo Xelmirez nº 25-Dta, á situación anterior, xa que segundo indica había unha praza de estacionamento para discapacitados que foi trasladada para o outro lado da rúa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que na nova reorganización dos colectores, se terá en conta a súa petición.

PRP2023/2228

Dáse conta do escrito presentado por Dona Marta Ibarrodo Ramos solicitando a posibilidade de ampliación da sinalización do vao permanente que ten concedido na Rúa Curros Enríquez, co fin de facilitar o acceso ao mesmo.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle o aumento da sinalización do vao no lado dereito, en aproximadamente 90 cm, tal e como xa está sinalizado no lado esquerdo, e cubirindo o espazo que xa existía anteriormente co fin de facilitar a entrada/saída de vehículos.

PRP2023/2233

Vista a proposta da Concellería da Área de Tráfico, a Xunta de Goberno Local acorda a convalidación do gasto correspondente a uniformidade de dotación oficial para uso dunha axente do cadro de persoal con un "Chaleco balístico feminino Lifemax", así como o recoñecemento de obriga a favor da Empresa Manuel Santos Cao SA por importe de 729,00 €, con cargo á partida 132.22199.

PRP2023/2343

Dáse conta do escrito presentado por D. José Benito Espiñeira Martínez, en representación de Aparcamientos Cavadelo SL, solicitando que se fagan as xestións oportunas para que a instalación dispoña de fibra óptica no Parking, situado na Avda. da Mariña, dado que ningunha compañía de telecomunicacións quere executar a instalación correspondente para a conexión.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a solicitud á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais, para que se teña en conta a citada petición en relación coa instalación da fibra óptica no lugar.

PRP2023/2285

Visto informe da Policía Local en relación, en relación coa sinalización da Travesía Salgueiral nº 34 a 38, co fin de deixar libre o acceso por residir unha persoa con discapacidade, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación de sinal de prohibido aparcar con panel complementario "Agas Servizos Sanitarios".

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

PRP2023/2356

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Cuadrado García en relación coa colocación da bandeira LGTBI na fachada da Casa do Concello e solicitando a súa retirada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que unha vez pasadas as datas de celebración da colectividade LGTBI retirárase o símbolo ou pancarta do balcón da Casa do Concello, non obstante colocárase de novo o vindeiro ano polas mesmas datas para celebrar a diversidade.

PRP2023/2364

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, no seu artigo 5 establece as competencias dos Concellos, sinalando no apartado f) do indicado artigo que é competencia municipal "autorizar as ampliación e reducións sobre o horario xeral, en atención aos criterios, supostos e circunstancias que, no seu caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17".

Visto o indicado no artigo 17 da lei ao respecto dos horarios:

"1. Mediante orde da persoa titular da consellaría competente na materia, e logo do informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, determinarase o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

2. A orde que determine os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos ou das actividades recreativas poderá establecer os criterios, os supostos e as circunstancias que permitan aos concellos autorizar, de xeito motivado, ampliacións ou reducións sobre o horario xeral."

En aplicación destes artigos pola Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo ditouse a Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche de establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, na que se sinalan os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

Visto o artigo 7 da Orde do 23 de outubro de 2020 onde se prevé que con carácter xeral o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e

das actividades recreativas a que se refire esta orde ampliarase:

- Media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

Visto o artigo 9 da Orde do 23 de outubro de 2020 que establece que os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

Visto o artigo 13 no que se establece o réxime especial de horarios de peche de determinados establecementos abertos ao público, e así indica:

1. Os concellos que teñan obtido a declaración de zona de grande afluencia turística para os efectos de horarios comerciais, de acordo coa vixente normativa de comercio interior de Galicia, nos termos e cos límites temporais establecidos na correspondente declaración, poderán autorizar, logo da petición das persoas titulares das actividades de restauración, ocio e entretemento, horarios especiais, que supoñan unha ampliación dos horarios xerais de peche, para os devanditos establecementos.

Nestes supostos, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas, os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público.

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Outorgar a ampliación de 1 hora sobre o horario de peche dos seguintes establecementos de espectáculos públicos e actividades recreativas abertos ao público, durante as fins de semana e festivos do período que vai dende o 1 de xullo ata o 15 de setembro de 2023.

Esta ampliación de unha hora, se suma á media hora a que fai referencia o artigo 7 da orde de 23 de outubro de 2020, polo que, será en total hora e media, as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

Indicar que, se a Policía Local informa sobre incumprimentos en materia de horarios, rúidos, etc. se suspenderá a ampliación de horario para o establecemento denunciado.

- MORLA
- MIUDO
- EL FLACO
- SOLD OUT
- GOTHAM
- SAONA
- KIWI
- LOFT
- ROTO VILAGARCIA ESPJ

2.- Denegar ao local con nome comercial FLEXI a ampliación de horario de verán por constar denuncias de incumprimento de horarios e en materia de rúidos.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2023/2344

Vista a proposta da Directora Acctal. da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Micromedia informática y Comunicaciones - Micromedia SL, para o subministro de tarxeta de limpeza da impresora de carnés para usuarios Zebra, por un importe total de 22,99 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

TURISMO

PRP2023/2335

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o orzamento presentado por Minicruceros Proba SL , para a contratación dun barco para realizar o remonte do Río Ulla para conmemorar a traslatio, o día 8 de xullo de 2023, por un importe total de 2.530,00€ (IVE incluído) para un barco de 120 prazas, con cargo á partida 432.22610.

- O número de prazas dispoñibles é de 110, reservándose 10 para protocolo e as restantes serán ofrecidas ao público en xeral, a través da plataforma ataquilla.com. Cada persoa poderá retirar ata 4 invitacións.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2350

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Clece SA para o servizo de limpeza de tódolos baños instalados nas praias do Concelo de Vilagarcía de Arousa (Preguntoiro, Bamio, A Concha e Compostela), durante os meses de xullo e agosto, por un importe total de 9.278,13 € (IVE incluído), con cargo á partida 1722.22700.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

SPAD

PRP2023/2371

Vista a proposta da Directora do Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias, a Xunta

de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Consellería de Sanidade para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades ou agrupacións de Concellos, polos gastos efectuados entre o 01/07/2022 e o 30/06/2023, que ascenden á contía de 42.905,58 €.

CULTURA

PRP2023/2323

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Mulleres Rurais de Bamio, por un importe total de 1.419,87 €, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
1 estor enrollable BLACKOUT 1135X2300	175,00 €	Mª DEL PILAR PIÑEIRO
2 CORTINA vertical BLACKOUT 3320X840	577,80 €	CASTRO
10 Caballetes sobremesa 57,x32 cm.	146,29 €	INES CASTRO BRAVO
Limpeza de superficies acristaladas por ambas caras así como limpeza de persianas venecianas e aluminios	520,78 €	CLECE SA

Acórdase o reintegro á partida correspondente da diferenza restante que ascende a cantidade de 380,13 €

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2322

Vista a solicitude de Dona Begoña Mesejo Loureiro, en calidade de Directora da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 6 de xullo de 2023, para a realización de probas de selección de persoal (de 9:00 a 14:00 horas aproximadamente), debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Será responsabilidade do solicitante o control de aforo da sala solicitada.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 264,70 €
- Responsable de sala: 51,00 €
- TOTAL: 315,70 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2023/2329

Vista a solicitude da Asociación Cultural Camiño do Carro, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Fidel, en Carril, o vindeiro día 30 de xullo de 2023:

- Actuación da Asociación Cultural Airiños do Carril por un importe de 268,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2023/2330

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación Mulleres Rurais Anduriña de Sobrado por un importe total de 1.799,01 €, coa seguinte desagregación:

PROVEEDOR	C.I.F. /N.I.F.	ARTÍCULO	IMPORTE	PARTIDA	TOTAL
MAGDALENA CAEIRO CASTRO	76822387H	Servizo de limpeza unha vez ao mes 3 h. (total 36 hr)	865,00 €	334.22703	865,00 €
CASTROMAN ISL	B36406650	Diverso material limpeza	354,01	580,00€	934,01 €
		TOTAL GASTO CENTRO CULTURAL SOBRADELO			1.799,01

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2324

A Concellería de Cultura, dentro da programación cultural de novembro de 2023 ten previsto a celebración dun concerto a cargo do pianista galego-arxentino Juan Carlos Cambas, acompañado de outros artistas invitados presentando o CD "CAMIÑO ABERTO".

A celebración de este concerto será no Salón de Actos do Auditorio o vindeiro día 11 de novembro. A entrada será de balde para todo o público.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á actuación de D. Juan Carlos Cambas Outeda acompañado de varios artistas invitados, o vindeiro día 11 de novembro no Salón de Actos do Auditorio por un importe total de 1.802,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 334.22609.

Será a cargo do Concello o gasto correspondente a SGAE.

PRP2023/2325

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación MM.RR. e Consumidoras Perla de Arousa de Renza por un importe total de 1.150,39 € coa seguinte desagregación:

PROVEEDOR	C.I.F. /N.I.F.	ARTÍCULO	PARTIDA	IMPORTE	TOTAL
CASTROMAN ISL	B36406650	1 ASPES FRIGO 2 p 144X54X57	334.62500	265,00 €	265,00 €
CASTROMAN ISL	B36406650	RESTO MATERIAL (LIMPEZA E MOBILIARIO)	334.22703	885,39 €	885,39 €
		TOTAL GASTO CENTRO CULTURAL			1.150,39 €

Así mesmo acórdase que se reintegre o sobranse a partida correspondente, que ascende a cantidade de 649,61€

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2326

Vista a solicitude de D. Alfonso Galbán Rico, en representación de Monasterio San Cristobal Agustinas Recoletas, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da San Agustín o vindeiro día 28 de agosto de 2023:

- Actuación da Asociación Coral Rosalía de Castro por un importe de 335,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2023/2327

Vista a solicitude de D. Francisco Javier Vidal Ledo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 8 de xullo de 2023, durante todo o día, para a celebración dun festival de fin de curso de Estudio de Danza Inquedanza, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Esta actividade terá un prezo único de entrada de 5 €, e a recadación será para a entidade solicitante.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 71,40 €
- Operario: 51,00 €
- TOTAL: 387,10 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2023/2328

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños San Roque de Castroagudín, por un importe total de 1.794,95 €, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Material de limpeza e hixiene s/orzamento	630,00	DISTRILEMA QUIMICOS SL

Diverso Material	1.164,95	CASTROMAN I SL
TOTAL GASTO CENTRO CULTURAL	1.794,95	

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2332

Vista a solicitude da Asociación Comisión de Festas San Miguel de A Torre, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da San Miguel os vindeiros días 30 de setembro de 1 de outubro:

- Actuación da Agrupación Coro Parroquial Santa Eulalia - Coro Santa Eulalia, por un importe de 335,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2023/2333

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 8 de maio de 2023, acorda aprobar o orzamento para a celebración das Festas Santa Rita 2023, cun importe total de 70.276,48€.

Na proposta presentada na X.G.L. de data 8 de maio de 2023, establece un gasto estimativo polo uso de ocupación en zona portuaria, para a instalación de atraccións durante as festas de Santa Rita de 2.000,00€ con cargo a partida 338.225.

Con data 07-06-2023, con nº rexistro 2023/4009 a Autoridade Portuaria de Vilagarcía, con C.I.F.: Q3667003B, presenta a Taxa de ocupación, por importe total e real de 2.329,96€ (I.V.E. do 21% incluído), polo que existe unha diferenza de 329,96€ entre o importe aprobado estimativo na proposta aprobada en X.G.L. de data 08-05-2023 correspondente as Festas de Santa Rita 2023 e o importe presentado (2.329,96€)

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a modificación do gasto correspondente a taxas pola ocupación de espazo en zona portuaria para instalación de atraccións durante as festas de Santa Rita, sendo o importe correcto de 2.329,96 €, co que se amplía o orzamento inicial en 329,96 €, con cargo á partida 339.225.

PRP2023/2345

Dáse conta da existencia dun erro no acordo de Xunta de Goberno Local de data 12 de xuño de 2023, de concesión de autorización de uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 10 de xuño de 2023 para celebración de Festival de Fin de Curso, figurando no mesmo "Doña Begoña Fontán Fajardo", e debendo figurar "Doña Begoña Fontán Caeiro".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a corrección do erro indicado.

CONTRATACIÓN

PRP2023/2366

Na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o 18 de xullo de 2022, aprobouse o proxecto refundido da obra "REFORMA EN INSTALACIONES E PAVIMENTOS E REHABILITACION DE ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS DO CEMITERIO DE RUBIANS", redactado polo arquitecto don Mariano Vázquez Iglesias, cun orzamento de execución por contrata de 266.200,00€ (IVE engadido).

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 23 de maio de 2023, adxudicouse o contrato á mercantil MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. por un importe de adxudicación (IVE engadido) de 250.228,00 €.

Dado que para o comezo das obras é preciso proceder ao nomeamento de director de obra e coordinador de seguridade e saúde, en fase de execución, co obxecto de que desenvolvan as competencias que teñen atribuídas pola lexislación vixente.

En atención ao indicado, a Xunta de Goberno Local acorda Nomear ao Arquitecto Municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, como director de obra do investimento denominado "Reforma en instalacións e pavimentos e rehabilitación de elementos construtivos do Cemiterio de Rubiáns".

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.